

UNIDADE DIDÁCTICA: MARUJA MALLO

NIVEL: 5º de Primaria

TEMPORALIZACIÓN: 5 sesións

ÁREA: Educación Plástica e Visual

CENTRO: CEIP Plurilingüe Carballal – Cabral

MATERIAIS:

- Material da aula de Plástica: folios, cartolinas, lapis, rotuladores, ceras, témperas...
- Material informático: ordenador con conexión á rede, aula virtual, escáner para dar difusión aos traballos realizados.
- Espazos do centro para realizar unha exposición de carteis polo 8M.

OBXECTIVOS :

- Coñecer a figura de Maruja Mallo e a súa obra.
- Recoñecer o carácter reivindicativo do 8M.
- Elaborar un cartel para o 8M.
- Coñecer os rasgos do surrealismo e elaborar unha obra que os recolla.
- Compartir as creacións en diferentes espazos e canles.

CONTIDOS:

- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.
- Correntes artísticas, plásticas e visuais; nomeadamente o surrealismo.
- A figura de Maruja Mallo como referente artístico e reivindicativo.
- O 8M como movemento reivindicativo da igualdade da muller e o home.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas, recursos e materiais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Distinguir rasgos artísticos do surrealismo.
- Valorar as reivindicacións do 8M e do feminismo no noso contexto social e no contexto mundial.
- Producir obras propias básicas.
- Planificar e deseñar producións artísticas colectivas traballando de forma cooperativa.
- Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións.
- Compartir os proxectos creativos utilizando diferentes estratexias.

TAREFAS POR SESIÓN.

1ª Sesión: Actividade introdutoria. Coñecemos as orixes do 8M e algúns rasgos da situación actual da igualdade da muller en España.

2ª Sesión: Coñecemos a importancia da cor nas producións artísticas.

3ª Sesión: Utilizamos a gama violeta para crear un cartel polo 8M e elaboramos un lema.

4ª Sesión: Coñecemos as principais características do surrealismo e recabamos ideas para elaborar unha obra surrealista.

5ª Sesión: Rematamos a nosa obra surrealista.

Tarefa final: Exposición das creacións no centro.

ESTADAXE:

- Utilízanse recursos coñecidos en combinación con recursos novos.
- Ofrécense medios e recursos de apoio que se poden consultar en calquera momento.
- Apoio entre iguais.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Avaliación das tarefas:

- Observación directa. 10% da cualificación final.
- Rúbrica. 90% da cualificación final. A rúbrica servirá para autoavaliarse e coavaliarse. Ademais, na rúbrica haberá un apartado en branco no que eles mesmos valorarán aspectos que consideren importantes do seu traballo.